

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 23 DE XUÑO DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/920/2008.- Sociedade Cooperativa de Vivendas Cidade Xacobeia.-** Edificio de dous sotos, planta baixa e dúas plantas altas para 18 vivendas de protección autonómica, garaxes e trasteiros na parcela BB10 do SUNP-12 de Lamas de Abade.

**Lic/922/2008.- Sociedade Cooperativa de Vivendas Cidade Xacobeia.-** Edificio de dous sotos, planta baixa e tres plantas altas para 32 vivendas de protección autonómica, garaxes e trasteiros na parcela BA3 do SUNP-12 de Lamas de Abade.

**Lic/924/2008.- Sociedade Cooperativa de Vivendas Cidade Xacobeia.-** Edificio de dous sotos, planta baixa e tres plantas altas para 24 vivendas de protección autonómica, garaxes e trasteiros na parcela BA4 do SUNP-12 de Lamas de Abade.

**Lic/503/2009.- Brea Motor, S. A.-** Reforma interior da nave Decathlon no Polígono de Costa Vella SUNP-37.

**Lic/909/2008.- Gabriel Méndez Andamollo.-** Vivenda unifamiliar no lugar de Casal de Laraño.

**Lic/87/2009.- Mavemi, S. L.-** Nave no polígono de Boisaca Vial B, Parcela 850.

**Lic/152/2008.- Unika, Proyectos Unifamiliares.-** Modificación da licenza concedida para construción dunha nave industrial no SUNP-34 de Boisaca sen uso definido.

**Lic/6/2009.- Verónica Fernández Adrán.-** Vivenda unifamiliar no lugar de Berdía – Riveira parcela 659 B.

**Lic/58/2009.- Grupo Empresarial Far, S. L.-** Nave no Polígono de Costa Vella nº 97.

#### DENEGADAS.-

**Lic/1030/2008.- Gasolinas Lubrificantes y Repuestos, S. A.-** Obras de recuamento de edificación auxiliar previa derruba da existente na gasoliñeira de A Rocha.

#### AUTORIZACIONES EN SOLO RÚSTICO.-

**Lic/1665/2008.- Juan García Limes.-** Rehabilitación dunha edificación sita no lugar de O Forte nº 36.

**Lic/587/2009.- Manuel Osorio Nogueira.-** Galpón agrícola con dous cubículos para cabalos na parcela sita no lugar de Fonte dos Cachos, en Bando.

#### DEVOLUCIONES DE FIANZA.-

**1160/2009.- Consuelo Martínez Sexto.-** .....Expte. Lic/1771/2008 ..... 3.000 €.-

#### APERTURAS.-

**LAP/191/2008.- José Rafael Areoso Bardanca.-** Apertura de pub na rúa Algalía de Arriba nº 18. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente e á Consellería de Xustiza.

### OCIHR

#### LICENZAS.-

##### FAVORABLES

**LIC/2642/2008 .- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.-** Construcción de edificio para museo de historia natural "Luis Iglesias" na Rúa das Salvadas (Parque de Vista Alegre)

#### DEVOLUCIONS FIANZA

**LIC/943/2009 .- HIGINIO BARREIRO VALLO.-** Devolución de Fianza aportada como garantía da licenza de obras para rehabilitación de vivenda (Lic/852/2008) na rúa Cruz de San Pedro 14. O importe da fianza é de 1.200 €.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Concédesse unha axuda por importe de 5.147,57 euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación provisional de axudas para elementos especiais de madeira.**

Concédense 25 axudas por un importe global de 153.005 euros.

**8.- Adxudicación do servizo de redacción de proxecto básico e executivo, dirección facultativa superior e coordinación de seguridade e saúde das obras de reacondicionamento interior das dependencias da Policía Local.**

Adxudícase o servizo á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SL, por importe de 15.022 euros.

**9.- Adxudicación das obras incluídas no proxecto de melloras no parque Monte de Deus.**

Adxudícanse as melloras á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 18.864,13 euros.

**10.- Inicio expediente contratación das obras de reforzo do firme nas vías públicas de Trasvea (Cesar), incluídas no POS 2009 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Iníciase o expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, establecéndose un tipo de licitación de 46.486,19 euros máis IVE.

**11.- Inicio expte. contratación das obras de reforzo do firme na vía pública de Pardaces de Arriba (A Peregrina), incluídas no POS 2009 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.**

Iníciase o expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, establecéndose un tipo de licitación de 56.939,52 euros máis IVE.

**12.- Adxudicación definitiva actividades Escola de verán de inglés 2009.**

Adxudícase definitivamente o servizo á empresa PICADILLY SCHOOL OF ENGLISH, SL, por importe de 29.000 euros máis IVE.

**13.- Aprobación do programa "Revelando Voces" dos Centros Socioculturais.**

Apróbase un orzamento de 28.653 euros.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á prórroga do contrato de explotación do servizo de Axuda no Fogar.**

Acórdase a prórroga do contrato de referencia por un período de 3 meses a contar desde o 17 de xullo de 2009, así como a revisión do prezo (13,21 euros/hora para servizos prestados na xornada laboral de luns a sábado; 14,16 euros/hora para servizos prestados en domingo ou festivo, máis IPC xuño 2008-xuño2009).

**16.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Turismo relativa á xustificación do Convenio coa Deputación para o "V Festival de curtometraxe curtocircuíto 08".**

Apróbase e xustifícase á Deputación da Coruña a execución de gastos do Festival Curtocircuíto 2008 por 340.000 euros.

**18.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á xustificación da subvención concedida á Asociación de persoas Xordas de Santiago de Compostela no ano 2008.**

Apróbase a xustificación presentada pola Asociación de persoas Xordas de Santiago e procédese ao pagamento da devandita subvención por importe de 848,79 euros.

**19.- Proposta do concelleiro delegado de Festas e Xuventude relativa á rectificación do orzamento das festas da Ascensión 2009.**

Rectifícase o orzamento para engadir dúas actividades pertencentes á Rede Cultural da Deputación, que suman un total de 4.820 euros. O orzamento queda fixado en 213.320 euros.

**20.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa ao incremento do gasto das Xornadas de Formación "Redes de Iniciativa Social".**

Apróbase o incremento do gasto en 345,21 euros

**21.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao rexeitamento de recurso de reposición presentado no proxecto de expropiación para saneamento da Conca do río Aríns.**

Rexéitase un recurso.

**22.- Proposta do concelleiro delegado de Obras e Infraestructuras relativa ao cambio na designación de arquitecto supervisor da execución das obras do Polideportivo de Fontiñas.**

Déixase sen efecto o nomeamento de Tomás Rivas e noméase a Enrique Seoane como arquitecto supervisor das devanditas obras.

**23.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución do recurso de alzada interposto contra acordo da Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.**

Rexéitase o recurso de alzada.

**24.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo a efectos de acordar unha nova exposición pública do plan parcial do solo urbanizable delimitado número 4. (SUD-4) A Pulleira.**

Apróbase con carácter provisorio o plan parcial do SUD-4 segundo o proxecto presentado por Emuvisa e ábrese un novo trámite de información pública polo prazo dun mes sobre as modificacións propostas.

**25 a 41.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**42.- Autorizacións para a celebración de cacharelas e sardiñadas con motivo das festas na noite de San Xoán.**

Autorízanse 8 novas cacharelas e sardiñadas públicas e 33 privadas.

**43.- Aboamento por prestacións de servizos extraordinarios e plus transporte.**

Aboáanse horas extras a diverso persoal municipal.

**44.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación de premios de xubilación anticipada.**

Apróbase o recoñecemento do incentivo de xubilación para dous traballadores do Concello.

**45.- Dar conta da concesión ao Concello de actuacións musicais e teatrais da rede cultural da Deputación da Coruña para o ano 2009.**

Dáse conta da concesión por parte da Deputación de varias actuacións por un importe global de 17.685 dos que a Deputación achega 10.131,50 euros.

**46.- Dar conta do Convenio de colaboración cultural co Consorcio da cidade de Santiago para a realización de actividades culturais Verán 2008, e a aprobación da xustificación do citado Convenio.**

Dáse conta do convenio polo que o Consorcio achega 80.000 euros.

**47.- Dar conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Consorcio da cidade de Santiago e a Concellaría de centros socioculturais para actividades da rede de centros socioculturais.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio por importe de 120.000 euros.

**URXENCIAS**

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á solicitude ao Ministerio de Economía e Facenda da subvención anual ao transporte urbano.**

Apróbase a solicitude de subvención ao servizo de transporte colectivo urbano interior de acordo co que recolle a Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2009 e as demais resolucións de desenvolvemento de dita lei.

**2.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como inicio de expediente de contratación do subministro de mobiliario e equipamento para a Casa das Asociacións de Servizos Sociais.**

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 109.029,35 euros máis IVE.

**3.- Inicio do expediente para a contratación das obras de reforzo do firme nas vías públicas de Formarís-Igrexa-Gunín (Enfesta), incluídas no POS 2009 da Deputación Provincial da Coruña.**

Iníciase o expediente para a citada contratación por procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, establecéndose un tipo de licitación de 95.866,45 euros máis IVE.

**4.- Inicio do expediente para a contratación das obras de reforzo do firme na vía pública M-105-V en Eixo de Abaixo (Eixo), incluídas no POS 2009 da Deputación Provincial da Coruña.**

Iníciase o expediente para a citada contratación por procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, establecéndose un tipo de licitación de 78.604,91 euros máis IVE.

**5.- Inicio do expediente para a contratación das obras de reforzo do firme na vía pública entre rotondas de Bornais (Eixo), incluídas no POS 2009 da Deputación Provincial da Coruña.**

Iníciase o expediente para a citada contratación por procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, establecéndose un tipo de licitación de 112.533,75 euros máis IVE.

**6.- Inicio do expediente para a contratación das obras de reforzo do firme na vía pública M-36-A-IV en Torreblanca (Aríns), incluídas no POS 2009 da Deputación Provincial da Coruña.**

Iníciase o expediente para a citada contratación por procedemento aberto, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, establecéndose un tipo de licitación de 180.081,45 euros máis IVE.

**7.- Proposta dos/as concelleiros/as delegados/as de Deportes, de Relacións Veciñais e Normalización Lingüística, de Xuventude e Festas, de Benestar Social e Muller, e de Educación relativa á adxudicación provisional da contratación do servizo de montaxe, instalación de infraestructuras e desenvolvemento do Programa Ferradura Aberta 2009.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa M<sup>a</sup> DEL CARMEN GARCÍA VICENTE, por importe de 43.965,52 euros máis IVE.

**8.- Proposta do concelleiro de Promoción Económica relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións á realización de actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para o ano 2009.**

Apróbanse as bases e un orzamento de 78.000 euros.

**9.- Proposta da concelleira de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á contratación dos traballos de: integración e posta en valor da muralla medieval, documentación, deseño e premaquetación de sinais informativos; estudo e restauración do lenzo da muralla medieval: integración e posta en valor; da actuación para o tratamento e consolidación do paramento da muralla. Entremuros, nº18.**

Apróbase:

- a contratación de Matilde González Méndez para a realización dos traballos de integración e posta en valor da muralla medieval: documentación, deseño e premaquetación de sinais informativos por importe de 17.980 e un prazo de execución de 1,5 meses.
- a contratación de Javier Luaces Anca para a realización dos traballos de estudo e restauración do lenzo da muralla medieval: integración e posta en valor, por importe de 17.991,60 euros e un prazo de execución de 1,5 meses.
- a contratación de Tomos Conservación Restauración SL, para a realización da actuación par ao tratamento e consolidación do paramento da muralla, Entremuros nº18, por importe de 15.706,66 euros e un prazo de execución de 1,5 meses.